

Bloque 2. Tema 22.

A Guerra Civil:

sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional

Durante o bienio de dereitas (1933-1936) aplicouse unha política maioritariamente contrarreformista, o que sumado á presión da CEDA por entrar no goberno en coalición cos radicais levou a unha enorme desconfianza por parte da oposición, radicalizándose o PSOE que, con Largo Caballero fala abertamente da necesidade dunha revolución social fronte á dereita. As esquerdas deciden em`regar esta vía insurreccional, iniciando unha revolución en 1934, que fracasará. A dura represión deste golpe contra a legalidade republicana fixo aproximar posturas de novo a republicanos de esquerdas e socialistas, que decidiron formar unha coalición de cara a futuras convocatorias electorais.

O escándalo do estraperlo, que salpicou a Lerroux e o seu Partido Republicano Radical, sumado á desconfianza do Presidente da República, Alcalá-Zamora, cara as intencións da CEDA de Gil Robles provocaron a disolución das Cortes e unha nova convocatoria de **eleccións para febreiro de 1936**. As esas eleccións as dereitas presentarónse relativamente divididas (aínda que existiu unha coalición chamada **Bloque Nacional**), mentres que as esquerdas conformaron unha **Fronte Popular**, que agrupaba a republicanos (Izquierda Republicana), socialistas (PSOE), comunistas estalinistas (PCE) e trotskistas (POUM), contando co respaldo dos anarquistas. O ambiente político estaba moi polarizado, cunhas esquerdas que levaban no seu programa a amnistía para os presos da Revolución de 1934 e a reanudación das reformas freadas polo bienio de dereitas.

As eleccións foron gañadas pola Fronte Popular con pouca distancia en votos, pero si en escanos. O acordo electoral entre republicanos de esquerda e socialistas deixaba claro que nesta ocasión os socialistas non participarían das tarefas de goberno. **Azaña foi elixido Presidente da República en abril de 1936**, toda vez que se estimou que Alcalá Zamora fixera uso da súa prerrogativa de disolución das Cortes por dúas veces e perdera a confianza das forzas maioritarias nas Cortes. **Santiago Casares Quiroga, membro da ORGA, foi elixido Presidente do Goberno.** **A derrota electoral da dereita e o medo desta á revolución social proclamada pola esquerda conduciuna a planificar proxectos golpistas.** Para evitalo, o goberno de Azaña dispersou en rexións militares distantes aos xenerais máis contrarios ao goberno republicano (Franco, Sanjurjo, Mola...), por ser sospeitosos de trama golpista.

A reanudación das reformas interrompidas durante o bienio de dereitas, a prohibición das procesións e a impartición de docencia ao clero e o impulso autonómico van provocar a reacción das forzas sociais e políticas descontentas coa República. Os terratenentes, a Igrexa, empresarios,

militares tradicionalistas e monárquicos, partidos políticos da dereita (CEDA, Renovación Española, Falange...) comezan pois a dar corpo á **idea dun “Alzamento Nacional” para salvar a relixión, a orde, a propiedade privada e a unidade da patria**. Ao mesmo tempo, socialistas e comunistas falan da necesidade de acelerar a entrega de terras aos campesiños e de preparar unha revolución. Neste contexto, as sesións parlamentarias son moi tensas e os enfrontamentos na rúa entre forzas paramilitares falanxistas e esquerdistas pasaron a ser moi frecuentes.

O 28 de xuño ten lugar o referendun de autonomía en Galicia, dando comezo así o trámite de aprobación do estatuto galego nas Cortes españolas. Do mesmo xeito, no País Vasco tamén procederon a presentar o estatuto nas Cortes para o mes de xullo. Sen embargo, cando se debatían os textos estatutarios nas Cortes españolas estoupou a guerra.

O asasinato do garda de asalto José Castillo por parte dun grupo de paramilitares de dereitas foi seguido do **asasinato do deputado e líder de Renovación Española, José Calvo Sotelo**, neste caso perpetrado por membros dos corpos de seguridade do Estado, acompañados de militantes socialistas. Estes sucesos funcionarán como rápidos aceleradores da trama golpista, que cristalizará uns días despois.

Así, o **17 de xullo de 1936, as tropas situadas no Protectorado de Marrocos**, ao mando do xeneral Francisco Franco, levantáronse en contra da República, facéndoo **o día 18 na Península**. O xeneral Emilio Mola, un dos promotores do golpe (de feito, era considerado polos golpistas como o “Director”) levántase en Pamplona, o xeneral Fanjul en Madrid, o xeneral Goded en Cataluña e p xeneral Queipo de Llano en Sevilla. Á fronte do golpe estaría o xeneral Sanjurjo, exiliado en Portugal, e que á súa chegada establecería un Directorio militar. Sen embargo, a súa morte nun accidente aéreo ao despegar de Estoril impediu que se levara a cabo o plan previsto inicialmente.

A sublevación non triunfou en todo o territorio español e, como consecuencia, configuráronse dous bandos en conflito:

- **O bando autodenominado nacional ou os sublevados** estaba formado por oficiais intermedios do Exército de Terra, a Guardia Civil (salvo en Barcelona), os terratenentes e as grandes masas católicas e conservadoras (monárquicos, carlistas, falanxistas, CEDA...), respaldados por unha Igrexa española que interpreta o golpe como unha cruzada para salvar a España do ateísmo comunista. Aínda que todos os partidarios desa rebelión militar opoñíanse á legalidade vixente e ás reformas da Fronte Popular, en realidade conformaban un bando moi heteroxéneo a nivel ideolóxico: o xeneral Mola era partidario da instauración dunha ditadura militar republicana, a CEDA plantexaba unha nova restauración dos

Borbóns, os carlistas desexaban unha monarquía tradicionalista e a Falange un Estado corporativo inspirado no fascismo italiano.

→ **O bando defensor da República, coñecido como os *vermellos*** polas forzas sublevadas, estaba constituído por xenerais do exército de Terra, a mariñeiría da Armada, a Aviación, a Garda de Asalto e todas as agrupacións de esquerda, así como nacionalistas periféricos. Isto fixo que foran respaldados polo proletariado urbano e rural e pola pequena burguesía urbana.

No momento do golpe militar, o xefe do Goberno, **Santiago Casares Quiroga**, non **autoriza ás milicias de esquerda a posibilidade de armarse para defender a República** polo temor a que aproveitaran a circunstancia para asaltar o poder. Ao verse superado polas circunstancias, dimite o día 19 de xullo, sendo substituído por **Diego Martínez Barrio**, **quen fracasa no seu intento de negociar cos militares rebeldes**. Ao día seguinte será **José Giral quen dirixa o goberno e quen autorice a entrega de armas ás organizacións obreiras** para a defensa da orde constitucional. Comezaba así unha **guerra que ía durar tres anos** e que pode considerarse como un prólogo da Segunda Guerra Mundial. Este enfrontamento será tanto un enfrontamento ideolóxico como unha loita de clases entre patronos e obreiros, entre terratenentes e xornaleiros e incluso entre a Igrexa e o anticlericalismo.

Rapidamente o conflito orixinou **implicacións internacionais**, debido ás tensións políticas existentes nese momento en toda Europa. O auxe do fascismo en Italia e Alemaña provocara unha grande preocupación en países coma Gran Bretaña e Francia. Estes últimos tentaron non conferir un carácter internacional ao conflito para evitar unha nova guerra en Europa, acordando coas potencias do Eixo un **Comité de Non Intervención** en agosto de 1936. Italia e Alemaña non cumpriron o establecido e proporcionaron material bélico e voluntarios, como os **a “División Littorio” de camisas negras italianos ou a aviación da Lexión Cóndor alemá**. As forzas sublevadas tamén contaron co apoio de Portugal, que enviou a 10.000 voluntarios coñecidos como os **“Viriatos”**. Alemaña xogou un papel fundamental xa que, grazas á súa ponte aérea, os militares rebeldes puideron atravesar o Estreito de Xibraltar, protexido pola Armada, afín á República.

Por outro lado, a República case non tivo apoios, excepto a Unión Soviética e, en menor medida, México. A URSS, dirixida por Stalin, mostrouse prudente inicialmente mais, coa intervención de Hitler e Mussolini, decidiu colaborar co goberno da República e enviar asesores militares e armas. Ese gasto militar **pagaríase aos rusos con reservas ouro do Banco de España, que nunca serán devoltas**. Ademais, acudiron a participar na Guerra Civil as **Brigadas**

Internacionais, partidas de voluntarios antifascistas (entre 40.000 e 60.000 en toda a guerra) procedentes de diversos países, estimuladas pola Internacional Comunista ou Komintern e que se destacaron na defensa de Madrid e en elevar a moral das tropas republicanas. Entre eles estaban escritores como Hemingway ou Orwell.

Ese verán de 1936, España quedou dividida en **dúas zonas: a sublevada, que abarca rexións de perfil agrario** (Galicia, Navarra, parte de Andalucía, Castela e León) **fronte á España que se mantivo fiel á República**, que englobaba **rexións de perfil máis urbano e industrial** (Cataluña, Levante, País Vasco, Asturias, Madrid), pero tamén rexións agrarias como a actual Castela – A Mancha, o que inicialmente daba unha vantaxe aos republicanos.

Sen embargo, os primeiros momentos foron moi importantes para a evolución do conflito. **Faltou unidade de mando nas tropas republicanas** e había diferentes criterios de actuación por parte das milicias obreiras. Pola contra no bando rebelde había un mando único, que desde o mes de outubro recaería no xeneral Franco, proclamado “Xeneralísimo” dos exércitos sublevados.

A guerra librouse no campo de batalla, pero tamén **na retagarda, onde ambos bandos aplicaron unha política de terror e aniquilación do contrario**. O avance dos sublevados significaba a detención de alcaldes, gobernadores civís, concelleiros, sindicalistas e de todo aquel que se significara na defensa da República. A declaración do Estado de guerra permitiu a substitución dos xuíces por tribunais militares, máis propensos a impoñer penas máis duras, o que se complementou coas frecuentes sacas e paseos por parte da Guarcia Civil ou de milicias falanxistas. No bando republicano, pola súa parte, foron habituais desde o primeiro momento as detencións de terratenentes e dos líderes e militantes de dereitas, con habitual presenza de execucións en sacas e paseos. Tamén tivo lugar a queima de igrexas e o asasinato de ao redor de 7.000 membros do clero, así como a ocupación de fincas e fábricas por parte das organización obreiras; unha revolución social en toda regra.

Unha vez iniciadas as operacións militares, as columnas sublevadas converxen cara Madrid, desviándose Franco para levar a cabo a liberación do Alcázar de Toledo, acción que lle dá unha popularidade no seu bando, o que aproveitará para liderar a sublevación pouco despois, pasando a ser o “Xeneralísimo” e Xefe do Estado (viuse tamén favorecido pola morte de Sanjurjo e de Mola e o posterior asasinato de José Antonio Primo de Rivera a mans dos republicanos). Sen embargo, a toma de Madrid resulta en fracaso debido á forte resistencia republicana ao berro de “¡No pasarán!”, apoiada polas Brigadas Internacionais e a CNT-FAI barcelonesa, dirixida por Buenaventura Durruti.

En abril de 1937 Franco promulga o **Decreto de Unificación**, a través do cal todos os partidos políticos existentes no bando sublevado se fusionan nun novo partido único: **Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (FET y de las JONS)**. Neste mes tivo lugar tamén o bombardeo da cidade de Guernica pola Lexión Cóndor.

No bando republicano a inestabilidade era moito maior, como puxo de manifesta a rápida sucesión de presidentes do Goberno (Casares Quiroga, Martínez Barrio, Giral), aínda que o ascenso ao cargo de Largo Caballero permitirá controlar mellor a situación, sobre todo unha vez creou un novo exército regular tras militarizar ás milicias. Sen embargo, as reformas implantadas non foron suficientes, tendo que dimitir o presidente tras a **crise en maio de 1937**, cando as milicias do PCE e da CNT-FAI se enfrontan debido a diferenzas ideolóxicas. Por un lado, o PCE (co apoio de socialistas e republicanos liberais) consideraron que primeiro había que gañar a guerra e despois facer a revolución. Pola súa banda, CNT-FAI e POUM consideraban necesario levar a cabo a revolución xa durante a guerra se querían gañala. O novo presidente do goberno sería o socialista **Juan Negrín**, que defende a idea da resistencia total, en espera do provisible inicio da Segunda Guerra Mundial.

Sen embargo, o pacto de Múnic (1938) e, sobre todo, a derrota na batalla do Ebro (a máis longa da Guerra Civil), abocan aos republicanos a asumir a inminente derrota. O tenente Casado e Julián Besteiro deron un golpe en marzo de 1939 para asumir o poder e negociar as condicións da rendición con Franco, pero este non o aceptou. Poucos días despois, **o 1 de abril de 1939, os sublevados toman Madrid, rematando así a Guerra Civil española**, e dando inicio á ditadura do xenera Francisco Franco, que se manterá no poder ata a súa morte en 1975.

